

a escritora na súa terra



MARÍA DO CARME KRUCKENBERG



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

a escritora na súa terra

A Homenaxe *A Escritora na súa Terra*, impulsada pola *Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)*, chega este ano á súa XII Edición, recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de **María do Carme Kruckenberg Sanjurjo**, que será homenaxeada na cidade na que naceu, **Vigo**, hai 80 anos no día de hoxe, e onde tamén reside na actualidade. Esta iniciativa, fixa e anual, conforma xa unha tradición na traxectoria desta entidade, e tense constituído ao longo dunha década como un **contrapunto** á celebración do Día das Letras Galegas, pois se ben a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental, en ambas as citas culturais, a vontade da AELG é a de **honrar a escritoras vivas/as**, procurando, deste xeito, o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe. Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón *Letra E* (unha peza escultórica asinada por un/ha recolección/a artista galego/a), a **plantación dunha árbore simbólica** (elixida polo propio autor ou autora), a colocación **dun monolito conmemorativo** ou a **inauguración dun espazo público co nome do/a homenaxeado/a** ou cun nome elixido polo/a homenaxeado/a.

anteriores merecedores deste galardón

- I Edición
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 • Boa, Taramancos
- II Edición
BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo
- III Edición
MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei
- IV Edición
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo
- V Edición
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces
- VI Edición
UXIO NOVONEYRA (póstumo)
2000 • Parada do Courel
- VII Edición
LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo
- VIII Edición
XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba
- IX Edición
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín
- X Edición
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI
2004 • Teis, Vigo
- XI Edición
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

programa de actos

- 12.00 h**
XARDÍNS DE MONTERO RÍOS
Plantación dunha oliveira (árbore simbólica da escritora) e descubrimento dunha *Pedra Escultórica* dedicada á homenaxeada, nos Xardíns de Montero Ríos, á altura do número 22, onde naceu a autora
Interveñen: Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG, María do Carme Kruckenberg Sanjurjo
- 13.00 h**
PAZO DE CASTRELOS
Acto oficial de entrega da Letra E. Presentación de Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
Lectura da acta da concesión da homenaxe *A escritora na súa terra* a María do Carme Kruckenberg Sanjurjo, por Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG
Lectura da *laudatio*, pronunciada pola escritora luguesa Marica Campo.
Resposta á *laudatio*, de María do Carme Kruckenberg Sanjurjo
Entrega da Letra E (peza escultórica do artista Silverio Ríos) a María do Carme Kruckenberg Sanjurjo
Intervención da Excm. Sra. Alcaldesa de Vigo, Dona Corina Porro
Ao final do acto servirase un aperitivo
- 14.30 h**
Xantar de confraternidade.
Aberto aos/ás socios/as da AELG, á vecindade de Vigo e demais persoas interesadas, no Restaurante do Hotel Hesperia de Vigo (Avda. da Florida, 60)

MARÍA DO CARME KRUCKENBERG

A Asociación de Escritores en Lingua Galega celebra coa concesión do E a María do Carme Kruckenberg a **aventura irrepitible** dunha vida plena de camiños e poesía. Esta voz feminina co-inaugura unha brillante nómina de escritoras modernas (Pura Vázquez, Luz Pozo, Xohana Torres. .) que, tras o ronsel de Rosalía, fan da palabra poética un exercicio de intelixencia e liberdade.

Viaxeira por todo o mundo, ategada de palabras doutras linguas, poliglota, María do Carme Kruckenberg regresa sempre a Galiza e ao Galego, destino do seu río, **navegante solitaria despois de vivir do imposible**. Trae un fardel de recordos, un capital de astros derrubados, **o pasado como un dorido tormento, un suicidio permanente de saudade**: a poesía da existencia, o desacougo do amor, a simbiose coa paisaxe para dicir o indicible, o berro contra a inxustiza. Unha voz singular a se verter no mar de nós, a acrecentar as augas que nos crean.

Memoria viva da Galiza interior e da do exilio, coñece a Castelao da man de Arturo Cuadrado, **perto xa das portas da escuridade eterna** a demandar de María do Carme (como de tantos outros) a fe e o afevramento, **as máis integras e puras esperanzas no porvir do país e dos seus habitantes**.

Membro activo da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da que foi vicepresidente en momentos non doados, María do Carme Kruckenberg recibe agora o máximo recoñecemento desta institución na súa terra, en Vigo. Galardón para ela e honra para nós.

HOMENAXE A MARÍA DO CARME KRUCKENBERG SANJURJO



Vigo - 3 xuño 2006